

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 25- xaneiro 2023

Publicación gratuíta

Colle unha!

**ESKRAVOS
TRIKORNIO
GRACIAS POR NADA**

**GRUPOS EN LOITA
TECOR SOCIETÁRIO
XERIÓN**

**SKARNIVALS
OS VACALOURAS
DRAMSANYŮ**



Os Vacalouras celebran o seu XV aniversario na sala Master de Vigo

fotos Leslie Méndez



Despois dunha andaina que comezou alá polo 2007, cando os seus catro integrantes aínda estaban no instituto, Os Vacalouras son por dereito propio unha das bandas máis destacadas da escena viguesa. E reis indiscutibles de Teis, por suposto, xa que sempre levan a súa parroquia por bandeira. Como quince anos ininterrompidamente en activo non os acada calquera, non podía faltar, para conmemorar a ocasión, un concerto especial polo 15 aniversario. E este tivo finalmente lugar o 16 de decembro do xa pasado ano na viguesa sala Master.

Case xusto un ano atrás, o 10 de decembro de 2021, tivera lugar nesa mesma sala o concerto de presen-

tación do seu último álbum Xuventude Prexubilada, lanzado da man da súa promotora Galunk Produccións. Un traballo que, aupado por sinxelos viralizados como a colaboración con Quim Barreiros “O Samil é Portugal”, supuxo o pulo definitivo que fixo que o grupo sexa coñecido por Galicia adiante, xa que pola zona de Vigo xa levaban anos sendo míticos como o que máis. Despois de percorrer boa parte da xeografía galega ao longo do ano, xa era hora de volver tocar na casa, e a xente respondeu á chamada ateigando a entrada da sala antes do comezo do concerto.

Os Vacalouras son, dende o seu nacemento, os mesmos catro rapa-

ces de Teis: Gabi na gaita e na voz principal, Pepe no baixo (e voz en temas como “Fedes a faiado”), Victor na guitarra e nos coros, e Adri na batería. De feito, é habitual que aos seus nomes acompañe o Vacaloura a modo de apelido, como nos Ramones ou como na Familia Caamagno. Co seu punk rock inzado de elementos folk galegos e as súas letras retranqueiras, teñen desenvolvido unha identidade moi persoal, que ten evolucionado moito pero que tamén segue sendo en esencia a mesma que amosaban nos seus primeiros traballos, o que chamaron “pataca ‘n’ roll”. Ten mérito!

Agora son xa xuventude prexubilada, pero levan sacando dis-

cos dende o álbum Xa Están Aquí de 2011, pasando polos EPs Eres Punk i Non o Sabes (2014) e Capacho Rock (2016), ademais de múltiples sinxelos ao longo dos anos. E, precisamente, neste concerto fixeron un percorrido ao longo de toda a súa discografía, chegando incluso ás súas primeiras gravacións caseiras “dos tempos do maispeis”. Agora fan parte de Galunk Produccións xunto a outros destacados artistas galegos como Rebeliom do Inframundo, Grima, Arrhythmia, Youcanthide, Liska ou Skándalo Gz; e xa teñen tocado en moitas das principais festas e festivais do país, tanto como Os Vacalouras como co proxecto paralelo Orquesta Never-



loura, que comparten cos integrantes de Neverside. Así que, como podedes ver, hai moita traxectoria que repasar.

Despois desta introdución, toca entrar en faena. Os Vacalouras eran o único grupo no cartaz, polo que podían permitirse practicamente todo o tempo que quixesen para repasar a súa carreira. Logo da media hora de rigor despois da apertura de portas, coa xente xa nos seus postos, comezou soar o “Xente maior facendo botellón”, un tema pertencente ao último álbum pero que xa levaba moitos anos facendo parte do repertorio en directo do grupo. Cuns cánticos doados de seguir polos asistentes e cunha letra ao máis puro estilo dos Vacalouras, era un tema perfecto para comezar o concerto. Porén, a seguinte xa foi “A señora Maruja”, do EP de 2014, para comezar cos temas máis retrospectivos.

E ao ser un concerto de Nadal (xa que o Nadal en Vigo, como sabedes, comeza como moi tarde en novembro) non podían faltar as panxoliñas. Houbo varias ao longo do concerto, comezando con “Os peixes do lagares”, unha adaptación dunha panxoliña mítica que o grupo sacou xa alá polo 2012. Seguiron esta canción con nada menos ca unha versión dos Tamara, a navideña “Os anxeli-

ños d’o ceo” (sinxelo de 1967). Porén, axiña volveron os temas propios, cun dos que máis soaron do novo álbum e que tamén leva anos sendo ben coñecido polos seguidores do grupo: “A canto está o rapante?”. Con este tema, os asistentes xa entraron definitivamente en calor, e comezaron os pogos. E falamos de calor figuradamente, porque en sentido literal, dende logo, fixo moito calor dentro da sala durante todo o concerto. Agora xa directamente comezaría fluír a súor a borbotóns tanto enriba como debaixo do escenario, como debe ser. Sinal dun bo concerto!

A continuación, tocou, xa por fin, remontarse por primeira vez ao álbum de 2011 con “Terrorismo rural”, á que logo seguirían outros temas destacados deste primeiro disco. Concretamente, neste instante, unha das cancións máis míticas do grupo dende hai 11 anos: “Súbete ao vitrasa”, acompañada pola característica reprodución en miniatura do autobús urbano vigués que foi saltando por todo o público antes de volver ao escenario. Este elemento visual leva acompañando ao grupo todo este tempo, ao igual que os coloridos bañadores vestidos por Pepe ou a máscara de Shrek que luciron en varias ocasións. Tamén cabe facer mención ás cami-



setas de Gabi: ese día tocou a de “Canta merda Xunta”, pero non podemos esquecer a de “Gora ETEA” ou a de “Vai traballar”.

Volvía tocar unha do último álbum con “Quero ser Miro Pereira”, o tributo ao mítico personaxe da serie Pratos Combinados que, precisamente, o grupo vén de tocar na mesmísima TVG pola súa gala de fíFin de Ano (se aínda non vistes a súa actuación, ide mirala que foi espectacular). E chegou entón a primeira colaboración da noite, nada menos que con Sonido de Teis, para interpretar un reggaeton, “ETEA”, coa que estes últimos versionaron “Si no le contesto” de Plan B cunha letra adaptada a Teis. Polo tanto, non podía faltar neste concerto dos Vacalouras, e o público respondeu extasiado a pesar dalgúns problemas técnicos ocorridos durante a canción.

Continuando agora coas panxoliñas, o grupo interpretou a súa propia versión de “Blanca Navidad”, para seguila con tres temas do Xuventude: “Hai que ir morrendo” e dous dos sinxelos de adianto, “Fedes a faiado” (con Pepe na voz principal, que ironiza con ese limbo no que estamos a xuventude prexubilada) e a románticaao seu xeito “Acacia negra”. Despois de tanto tema novo volvimos a 2014 coa (case) instrumental “O son da bañeira”, e despois pasamos a 2016 co tema homónimo do EP Capacho Rock. Este tema ten outro dos videoclips máis coñecidos do grupo, dirixido, como outros varios da banda, pola cineasta Anxos Fazáns (que non faltou ao concerto).

A derradeira canción de nadal da noite foi “Campás de Belén”, concretamente unha versión que o guitarrista Victor fixera anos atrás para presentala ao concurso Panxorock



2013, baixo o nome de Jesucristo de Toralla y Los Bienvenidos, acompañado doutros membros dos Vacalouras e Neverside. A efémera banda resultara gañadora do certame (os propios Vacalouras gañaran o ano anterior con “Os peixes do lagares), polo que, coa ocasión, merecía este tributo. Por outra parte, a última canción do álbum de 2011 en soar esta noite foi “Trillei a pirola coa tapa do vater”, unha das primeiras compostas polo grupo. Botáronse de menos outros temas dese disco, especialmente “Festa rachada”, pero tendo en conta o extenso e diverso que foi o concerto, perdóase!

Chegou outra versión con “Vacacións en Coia” do EP Capacho Rock, coa que fixeron a súa interpretación do clásico punk “Holiday in Cambodia” de Dead Kennedys. Soou logo “A Iliadiña”, un sinxelo de 2019, para completar xa case totalmente o percorrido pola discografía. E faltaban aínda dúas grandes cancións de Xuventude, que saíron no seu momento como sinxelos acompañadas de videoclip: “Tírate da Ponte de Rande” e, como non, “O Samil é Portugal”, coa colaboración de Juan McKinnon dos Carunchos no bombo. Aínda sen contar con Quim Barreiros, o himno da praia viguesa e clara canción do verán 2021 desatou a euforia dos asistentes, que berraron a coro a letra xunto co grupo entre pogo e pogo.

Comezara soar outro dos primeiros temas do grupo, “As patacas mutantes”, e xa se achegaba o final do concerto, pero a ninguén se lle escapaba que aínda non soaran dúas cancións que eran infaltables nesa noite. E, evidentemente, chegaron a continuación: primeiro, “Desbrozadora”, un dos temas máis míticos do grupo dende sempre (agora só a do Samil pode facerlle sombra); e, despois, a primeira canción do grupo, “Viaje sideral”. Foi verdadeiramente nostálxico escoitar un tema gravado polo grupo caseiramente, videoclip incluído, tantos anos atrás, que segue a ser pegadiza e memorable. Un final perfecto para un concerto de aniversario, sen dúbida.

Despois de unha hora e 45 minutos de música practicamente ininterrompida (nada menos que 24 cancións), e despois de ter escoitado tantos temas, o público xa estaba máis que satisfeito. Foi un señor concerto onde non faltaron os pogos, o wall of death, nin os condóns de cores infrados como globos voando por todas partes. Xa non podemos agardar a que cheguen material novo e máis aniversarios! Por outros quince anos máis dos Vacalouras (como mínimo).





Grupos en Loita únese a outros colectivos vigueses nunha protesta conxunta co lema “Vigo somos todxs”

Colectivos vigueses como AVIBE (Afectados Vial de Beade), Vigo Centro, Bembrive en Pé, Vigo Histórico, Grupos en Loita, Os Ninguéns e Defensa do Parque García Picher impulsan conxuntamente unha convocatoria para esixir que o Concello os escoite. Procedentes de ámbitos diversos, decatáronse de que tiñan o punto en común de sentirse “ninguneados” polo goberno municipal, polo que decidiron unir forzas para transmitir as súas demandas. Esta convocatoria terá lugar ás 12:00 horas do domingo 5 de febreiro na Porta do Sol, para reclamar unha cidade que “escoite e respecte” ao movemento asociativo.

Varios destes colectivos, que representan a veciñanza de todas as partes da cidade, levan meses e mesmo anos visibilizando as súas reivindicacións. En base á súa experiencia, afirman que, co gallo da maioría absoluta do goberno municipal, este “non negocia e non atende as críticas dos veciños e veciñas da cidade”, impulsando “actuacións unilaterais que afectan o noso día a día e que non son consensuadas, consultadas ou participadas cos milleiros de persoas afectadas”. Denuncian ademais que, no momento en que discrepan con estas actuacións, o Concello pasa a ir “na nosa contra” en vez de dialogar.

Baixo o lema conxunto de “Vigo somos todxs”, tamén demandan un “modelo novo de cidade” que piorice “a calidade de vida fronte a inversión privada”, tendo en conta os desafíos de sustentabilidade e mobilidade que afronta a cidade. Este é o eixo central das reivindicacións de varias das asociacións impulsoras, como AVIBE e Bembrive en Pé, que protestan contra os proxectos de estradas que ameazan con “romper as parroquias” sen contar con “con informes que avalen e xustifiquen ditas obras”.

A asociación Vigo Histórico tamén se formou cun obxectivo similar, para reclamar unha peonalización da zona vella que non incluíse o túnel, polos efectos no patrimonio que este está a ter. Tamén se denuncia a proliferación excesiva de gasoliñeiras xunto ás vivendas, ou a perda de zonas verdes e árbores na cidade, como ocorreu na Ronda Don Bosco, na Gran Vía ou no Castro, e como se pretende que ocorra tamén noutros espazos, como denuncia Defensa Parque García Picher.

Os problemas de tráfico, ruído, contaminación e mobilidade de Vigo víronse amplificados especialmente polo Nadal, afectando totalmente á vida cotiá dos veciños, especialmente os do centro, que participan desta convocatoria esixindo que “se vele polo cumprimento dos seus dereitos fundamentais e pola protección de xardín histórico da Alameda” durante os dous meses de celebracións. Todo isto únese a problemáticas moi arraigadas na cidade como é a da pobreza, para a que asociacións como Os Ninguéns reclaman máis medios e actuacións.

O eido da cultura está representado nesta coordinadora Vigo Somos Todxs por Grupos en Loita, que agrupa a artistas musicais da cidade para reclamar mellores condicións nas salas de ensaio, a participación de bandas viguesas na programación municipal, e a fin das actuacións policiais inxustificadas contra concertos na cidade. Todas estas asociacións, de índole moi diversa, chaman á participación na protesta do 5 de febreiro na Porta do Sol por “unha cidade máis habitable e sustentable, que nos teña en conta a todos e todas e non reduza a marginalidade as múltiples asociacións e colectivos, os cales temos moito que dicir e aportar polo Vigo que queremos”.



O grupo Tecor Societário presenta o seu novo tema e videoclip “Vai por vós”



“Vai por vós” é o primeiro adianto do novo disco da banda de folk punk Tecor Societário, cuxa saída está prevista para finais de 2023. O grupo compostelán apostou por adiar a publicación do seu novo traballo, sacando cancións paseniñamente ao longo do ano, a modo de pílulas, publicadas en datas sinaladas.

A primeira destas pílulas é este “Vai por vós”, que pretende ser unha homenaxe a todas as persoas que, malia as dificultades, continúan, ano tras ano, “amosando que Galiza

non é un país manso no que nunca pasa nada”, en liña coa temática reivindicativa habitual no grupo. Para ilustrar o contido da letra, Tecor Societario decidiu presentar un vídeo, que foi encargado ao coñecido realizador galego Pixelinphoto. Nel, amósanse fragmentos do proceso de gravación do tema, así como materiais orixinais gravados polo colectivo de contra información Galiza Contrainfo, que dan testemuño dalgúns dos conflitos sociais aos que a banda pretende facer referencia. Varias manifestacións e loitas clave

dos últimos anos no país aparecen reflectidos no clip. Musicalmente amosa a mestura entre punk rápido e instrumentos máis propios da música tradicional como son a gaita e o acordeón.

O novo tema será presentado ao vivo o sábado día 4 de febreiro, na Sala Capitol de Santiago de Compostela, dentro dun concerto que os composteláns darán xunto coa mítica banda italiana de Ska-punk Talco. O concerto comezará ás 21:00 horas e o prezo da entrada é de 20 euros.



NOCTURNO **de Xerión:** “En Drou quixen recupe

Falar de Xerión é falar dunha formación mítica xa en Galiza. Levan máis de 20 anos facendo unha mestura brutal de raíces galegas, ritos e lendas con metal extremo. Moitas de vós estaredes máis que ao tanto do que vos comento, mais para outras agardo que esta sexa unha boa oportunidade para coñecer máis a fondo a esta banda ourensá e a Nocturno, o seu creador. Xunto con Daga e O rei celta no exilio forma esta xuntanza de forzas que nos leva nunha viaxe a través da nosa historia, ás nosas orixes. Unha banda honesta e sincera, escura e telúrica, que nos fai reconectar con quen somos como persoas e como comunidade. Se non sabes do que falo é que aínda non os escoitaches.

Aproveitamos que sacaron hai pouco o traballo Drou para falar un anaco co guitarrista, compositor e vocalista, entre outras cousas, de Xerión. Esta demo é, como indica o grupo, a terceira das tres Demos do Caos coas que conmemoran os seus máis de 20 anos de traxectoria, e foi gravada entre 2020 e 2022 (a segunda aínda permanece inédita). Noutra banda pode resultar chamativa a edición dunha demo tantos anos despois do comezo do grupo e despois de ter lanzado entre outros 6 álbumes de estudio completos. De feito, Xerión é unha das bandas máis prolíficas de Galiza se non a que máis, con máis de 50 lanzamentos ás súas costas. Porén, a de Ourense é unha banda que recolle o máis puro espírito do black metal, crú e fiel ás orixes, e o de demo é un dos formatos nos que teñen lanzado moitas das mellores cancións da súa carreira. Polo tanto, resulta máis que natural que a conmemoren deste xeito. Comezamos!



Ola, moi boas, Nocurno! Moitas grazas por concederme esta entrevista para Rouco Son. Coméntanos como foi o comezo deste proxecto e quen son os compoñentes actuais.

Pois moi boas, Patty! Vou tratar de facer un pequeno resumo de como comezou, sendo un proxecto persoal, alá polo abril ou maio do 2001. Despois, gravamos moreas de maquetas, e tivemos varias formacións para dar os concertos, con máis ou menos implicación dos compoñentes que foron pasando. Gravamos ata a data 6 discos, dimos concertos pola xeografía tanto galega como estatal, e tamén tocamos en países europeos e incluso en Mé-

xico. Actualmente na banda acompañanme Daga nos teclados, que case está dende os mesmos principios, e como multiinstrumentista, O Rei Celta no Exilio, pois aínda que é membro intermitente sempre está aí na sombra. Resumilo pode resultar un pouco tedioso, pois son moitos anos.

Sen dúbida, son moitos anos desenvolvendo este proxecto. Que é o que pretendías ti cando comezaches con el?

Cando comecei neste proxecto viña de tocar coa miña primeira banda, e comecei en Xerión coa idea de tocar black metal, que soaba e bu-

lía nesa época e que descubrira uns poucos anos antes, e para min era algo novidoso. E poder mesturalo coa música tradicional galega, que era outra das cousas que me gustaba e movían e facían por a pel de pita. E bueno, ouvindo álbums sobre todo do norte de Europa. que mesturaban esas novas influencias de metal e o seu folklore e as súas influencias musicais e lendas propias e empregando a súa lingua mai, pois quixen eu intentalo a ver que saía. Así que ó principio tomeino como algo persoal, pois quería ter eu o control, para poder experimentar con outros instrumentos aparte da guitarra e para poder aprender a gravar por

min mesmo con poucos medios- E ben, ata hoxe.

E creo que moi ben conseguido, pois convertícheste e convertíste-vos, co paso do tempo, nun referente dentro do black/folk metal galego.

Pois non che sei, o que creo e que máis sabe o demo por vello que por demo. E neste caso máis foi a base de ser cabezón e ter fe no que fas, coas súas cousas, mellores e peores. O de ser referente non sei se o son, ou se merece a pena selo. Mais, namentras me siga conmovendo e sentindo o que fago, aí seguirei. E se teño a sorte de poder contar con

Recuperar o espírito das primeiras maquetas"

Por **Patty Castro**

tan boa xente que teño a miña beira, acompañándome e deixándome acompañar, e guiándome e deixándome guiar, pois mellor que mellor.

Seguro, e auguro que así será. Gostaría que nos contes de que tratan as letras de Xerión e cal é a mensaxe que queres transmitir con elas.

Como dixeron nun principio, esa mestura de metal negro e música folk, a idea de todo o que teña que ver con Galiza, tanto no seu aspecto mitolóxico como histórico, as lendas e tirando polo concepto do rural. Pois, aínda que para min o meu día a día foi na vila grande de Ourense, meus pais era do rural e eu quixen conservar esas historias que aínda tiven sorte de escoitar. No inverno, o arredor dunha lareira con lume, con frío, aínda tiven sorte de poder escoitar historias de lobos ou da santa compañía de man de meus avós. E a verdade é que quería manter esas historias e levalas cara o terreo musical. A noite, ese contos de medo, o escuro, o oculto... Ó final desemboca na morte. Digamos que Galiza é o pretexto para falar da morte, ou a morte é o pretexto para falar de Galiza. É algo que me facina e aterra, sobretudo dende que temos unha filla, pois é algo que se me fai mais tanxible, mais real. Non sei ben como explicalo, mais é un xeito de podelo afrontar e ás veces rir diso mesmo. Tocando música e facendo o mellor que eu creo se me da, que é coller unha guitarra e cantalo ou tocalo.

Seguro, un bo xeito, sen dúbida. Tamén quero preguntarche pola actualidade, e que me fales de Drou, o voso último traballo. Que nos contas del?

Drou é unha pequena maqueta que está englobada no que chamamos "as demos do caos". É un conxunto de maquetas, tres demos nas que xogamos co significado da palabra demo e o seu significado de díaño, e fixéronse para conmemorar os vinte anos de existencia de Xerión, que fixemos no 2021. Quixen recuperar as maquetas que fixera a partir do 2001, O Espírito da Fraga, O Trono de Breogán e O Harpa do Gueireiro. Era un pouco, vinte anos despois, volver afrontar gravar tres demos na casa, aínda que ultimamente estamos a gravar todo así. Pero voltar recuperar a caixa de ritmos ou, no

caso de utilizar batería, pois que fóra gravada nun local de ensaio con moi poucos medios. Recuperar un pouco ese espírito de "faino na casa" cos teus medios como poidas, e intenta soar o mellor que poidas co que tes. Esta é a terceira das demos, falta unha segunda, pois as cousas non sempre saen como un quere, pois non só hai que contar coa vida dun, senón tamén coa vida das demais. E unha das cousas que eu quería e quixen conseguir foi convidar a xente achegada por un motivo ou outro a Xerión, e convidalos formar parte. Nesta terceira, ademais do resto da banda, toca un amigo o baixo maxistralmente, o Grob, que gravou no estudio de Zlorog en Belgrado, Serbia. Quince minutos de música ruidosa pero ambiental, coa idea de recuperar un pouco ese espírito da efervescencia que tiña hai vinte anos, mais novo.

Tal vez conseguistes facer con Drou unha viaxe coa que voltar reconectar quen o escoite cos comezos de Xerión.

Si, sempre tiven claro que os Xerión sempre foron unha volta a un mesmo, de feito utilizo bastante a metáfora da espiral, para ir evoluíndo ou involucionando, non estou moi seguro. Ás veces penso sobre o de evolucionar e se é realmente tan positivo, pois as veces fai falla botar o freo e poñer marcha atrás, refacer o camino. Ás veces gústame a idea de voltar pisar sendeiros que pisei antes, cambiando un poquiño as pegadas, nese eterno retorno ó que foi a miña mai, ó que foi o meu pasado, e cando non teño moi claro por onde seguir, onde polo menos sintome nun lugar seguro.

E, sobre os directos, teremos este 2023 a Xerión nos escenarios?

A nosa vida cambiou un poquiño ó ter unha filla, mais antes da pandemia puidemos tocar e temos moitas ganas de voltar facelo. Damos grazas a tódala xente que nos contactou e tivo a paciencia de esperar e facer posibles os directos, mais as cousas xa non son tan sinxelas como antes. Pero prometemos que teremos cousas ben interesantes.

Pois moitas grazas por esta entrevista para Rouco Son. Seguimos moi de perto as vosas novas!

Moitas grazas a ti, Patty, e a Rouco Son, pola labor que realizades. Aper-tas e que siga a tolemia!





The Skarnivals saca novo álbum e un videoclip con García MC

Sete anos despois do lanzamento do seu último traballo, o pasado martes 25 de xaneiro volveu por fin The Skarnivals, unha das principais bandas de ska punk do país. Latexos, é o título deste novo traballo, editado xunto á súa promotora Galunk Producións, que o describe como “un disco cargado de forza e enerxías renovadas co que o grupo comeza unha nova etapa”.

Xunto co disco, publican tamén o último sinxelo de presentación, do mesmo, axeitadamente titulado “Latexo”, que conta coa colaboración do rapeiro García MC, coñecido pola súa carreira en solitario ademais de por ter pertencido no pasado a Dios Ke Te Crew. Latexos está dispoñible en todas as plataformas dixitais, como Spotify, iTunes, Amazon Music ou YouTube, onde tamén se pode ver o videoclip.

Este novo vídeo, que chega despois do de “Cuervos” o pasado mes, está dirixido e editado por Alberto Lora de Galunk Producións,

da man do auxiliar de produción Carles Montalt. Conta tamén coas actrices Lucía Canitrot, Carla González, Candela Lora e Adrián Rodríguez. No referente á música, foi gravada, xunto ao resto do disco, nos Estudios Estereoarte de Vigo por Javier Abreu.

Outra das especiais colaboracións que ten o disco é a de Juankar, vocalista e baixista de Boikot. “Volveríame a erguer” é a canción na que The Skarnivals realizou esta colaboración, e na que atopamos “uns riff de guitarra moi dinámicos e ‘boikoteros’ e un Juankar á voz xunto a Kome, vocalista da banda”.

A banda xa ten preparada a xira de presentación do novo traballo en salas, que terá lugar na primavera de 2023. Estas son as primeiras datas confirmadas, para as que as entradas xa están dispoñibles na web de Entradium: Bueu, na Sala Aturuxo o 4 de febreiro; A Coruña, na Sala Fillomatic o 11 de febreiro; Ourense, no Auriense o 25 de marzo 2023; e Compostela, na Sala Moon o 20 de maio.





**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON

Así foi a Noite Punk da SalaSon con Eskravos, Trikornio e Gracias por Nada

FOTOS DE **TATIANA FONSECA** (ESKRAVOS), **TINO VALLADARES** (GXN) E **HENRY PÉREZ** (TRIKORNIO)



Tres novas bandas galegas reuníronse o pasado mes de decembro en Cangas do Morrazo nunha “Noite Punk”: os vigueses Gracias por Nada (GxN), os composteláns Trikornio e os estradenses Eskravos. As tres deron todo sobre o escenario da SalaSon, confirmando que a escena punk e alternativa galega, unha das máis senlleiras e robustas do noso país, segue pisando forte e xerando novas formacións moi interesantes. Rouco Son estivo alí para coñecer o directo das tres agrupacións e contárvolo ás que non puidestes asistir, para que tomedes nota para a seguinte oportunidade!

Gracias por Nada foi o grupo encargado de abrir a noite. Este trío naceu este mesmo ano 2022, así que era normal que, como banda máis nova e tamén como anfitrións, ao proceder do concello veciño de Vigo, lles tocara a eles quecer os ánimos. Son Sergio á batería e os irmáns xemelgos Miguel e Alberto no baixo e guitarra respectivamente, ademais de compartindo entre os dous as voces principais. Os dous irmáns proceden dun proxecto ante-

rior, chamado En Proceso, que non puido chegar estrearse por mor dos problemas para a música derivados da pandemia, e ían dar o seu primeiro concerto o pasado xuño na Sala Molotov no marco do primeiro concerto organizado pola plataforma Grupos en Loita. Porén, como xa ben sabedes os lectores desta revista, a Policía Local de Vigo, enviada polo Concello, interrompiu este concerto reivindicativo xusto cando estes rapaces subían á escena. Con estas credenciais, certamente axeitadas para un grupo punk (un primeiro concerto desalojado pola policía), esta segunda estrea tiña xa unha considerable anticipación por parte dos en torno a cincuenta asistentes.

Meténdonos xa en materia, o grupo comezou o concerto co tema “Incomprendidos”, seguido de “Boca a boca”. Dous temas rápidos e desenfadados que traeron inmediatamente á mente a escena do skate punk e o pop punk californianos dos anos 90, e en particular ás primeiras etapas de Blink 182 polos paralelismos entre ambas aliña-






cións: power trios con baterías potentes e cuxos baixista e guitarrista repártense por igual a voz cantante. Estes dous temas marcarían o ton xeral do concerto, con melodías pegadizas, estruturas sinxelas e letras románticas que entroncan moi ben co revival comercial do pop punk que parece que estamos vivindo nos últimos anos a nivel internacional, pero sen perder o espírito máis puramente punk, rápido e furioso.

Sergio levou o ritmo de xeito incesante e incansable, adornándoo aquí e acolá con fills coidados que lle deron o toque completo ao seu estilo. Por outra banda, os riffs de guitarra e baixo marcamamente melódicos non eran por iso pouco demandantes nin pouco variados, recorrendo o libro completo do punk rock e incluso incorporando múltiples solos. E as voces dos irmáns, similares aínda que distinguibles, creaban un curioso efecto ao ir dun lado ao outro dos oídos dos espectadores segundo cantaba Alberto ou Miguel. Nalgúns temas o reparto era equitativo, mentres que noutros un dos dous levaba a voz

cantante, pero sen faltar nunca lograd as armonizacións que realmente facían destacar os retrosos do grupo.

Houbo lugar para temas máis lentos e a medio tempo, como “Noite de festa”, xa en galego, e outras incluso máis rápidas que as anteriores, a velocidade de hardcore, como “Oír tu voz”. E non faltaron tampouco ver-

meiro concerto como tal pola enerxía que desprenderon ao tocar. Aínda se notou a falta de rodaxe da banda nos espazos, ás veces excesivamente longos, que separaron cada tema, pero nada que ter ben anotado o setlist nun papel e ter algo máis preparadas as interaccións co público non poida solucionar no futuro.



sións, como “Sonic reducer” de Dead Boys, coa que pecharon, ou, apropiadamente, a mítica “Dammit” de Blink 182. Ao longo de todo o concerto destacou a presenza no escenario do trío, sorprendendo ao ser o seu pri-

Chegou entón a quenda de Triornio. Aínda que este trío compostelán se formou en 2020, os seus membros eran os músicos máis experimentados da noite, procedendo de bandas anteriores como Reino Ani-

mal e con membros compartidos con outras, como a banda de groove metal e hardcore Nin a Tiros. Son Pablo á batería, Estrella ao baixo e coros, e Luís á guitarra e á voz principal. Tamén foron o grupo en si con máis traxectoria da noite, contando xa con música editada: teñen no seu haber un álbum, Hikikimori, lanzado en 2021, e máis un EP do mesmo ano titulado Recortes de Ostias. Viñeron á sala acompañados pola súa promotora La Farruca Producciones, coñecida entre outras por ter organizado na sala Capitol o Farruca Rock Fest con Sr. Salvaje, Los Pretty e os propios Triornio.

Nada máis subir o escenario, a banda captou inmediatamente a atención dos asistentes cos atueños de Luís, Pablo e Estrella, onde non faltaron medias cubrindo a cabeza, torsos descubertos ou ás de anxo negras. Pero non menos chamativa e sorprendente resultaba a súa música. Con raigame no punk rock e especialmente no rock alternativo, a banda chegaba a outros estilos como o post punk, o rock psico-



délico ou mesmo o rock progresivo, con estruturas coidadas nas que se xuxtapuñan pasaxes variadas e sorprendentes.

Nelas, destacaba o xogo entre as liñas de baixo de Estrella e as melodías e acordes de Luís, tocadas apropiadamente nunha guitarra en forma de lapa. E tamén as coidadas baterías de Pablo, que deu todo nunha interpretación potente e tecnicamente perfecta a pesar de que o seu bombo, ante os seus golpes, movíase constantemente do sitio. De feito, un dos detalles que máis chamaban a atención era a incorporación no bombo do dobre pedal, frecuente no metal pero non tanto nos estilos nos que se move a banda, dándolle un toque persoal aos ritmos de batería.

As letras do grupo son irreverentes e surreais, axeitadas á súa pre-

sencia no escenario. Un dos momentos destacados do concerto deuse cando activaron dúas máquinas de pompas de xabón situadas a ambos lados do escenario, recobrendo de pompas ao público mentres sonaban os seus potentes temas. Este orixinal efecto supuxo un lixeiro risco engadido para a xente

que estaba facendo pogo entre o público, tendo lugar algún que outro resbalón pero afortunadamente sen nada máis que lamentar. Non faltaron ao longo do concerto temas como “Opina”, “Democracia”, ou a que dá título ao álbum do grupo, “Hikikimori”.

Era xa o momento do concerto do último grupo da noite punk, o de Eskravos, tamén coñecidos en redes sociais como Eskravos da Choiva. A banda máis numerosa da noite, non son nada menos que un quinteto, formado polo baixista Slim, o batería Eloi, a vocalista Uxía e as guitarristas Noa e David. Na-

ceron en 2021 na Estrada, pero ensaian en Santiago de Compostela, onde tamén ensaia agora mesmo Gracias por Nada, entrando en contacto as dúas bandas a raíz disto. O seu nome inicial era Rain Slaves, co que chegaron dar algúns concertos en varias cidades e vilas.


Facendo honra ao seu estilo puramente punk rock, as letras do quinteto foron as máis reivindicativas e potentes da xornada. Xa fose con cancións en favor da okupación ou contra a igrexa, ao rematar o concerto non quedou títere con cabeza. Pegadizas e inxeniosas, as letras gañaban aínda máis forza coa interpretación de Uxía, que domiñou o escenario mentres cantaba cun estilo que pasaba axiña da recitación e a voz falada aos berros máis hardcore. Paralelamente, o resto da banda amosouse compacta, compenetrada e igualmente forte, con ritmos rápidos e riffs pegadizos. Xa hai ganas de es-

coitar os seus temas tamén en estudio!

Un momento curioso da noite deuse cando a banda interpretou novamente o “Dammit” de Blink 182, ofrecendo un contrapunto á interpretación máis canónica de Gracias por Nada coa súa adaptación como quinteto. Tamén houbo

unha versión doutro destacado grupo de punk rock estradense, Noxo, da que xa vos temos falado anteriormente nas nosas páxinas. En definitiva, foi un concertazo perfecto para pechar a

noite co máis puro punk. Un estilo que, ao longo das actuacións das tres bandas, amosou as súas diferentes facetas, os seus múltiples matices, e a proxección que ten cara ao futuro na nosa terra.



«MI SER, TU SER», PRIMEIRO TEMA DO PROXECTO DRAMSANYÚ DE SUSO VALCÁRCEL



O baterista vigués Suso Valcárcel, coñecido por ter feito parte de bandas como Supernatural, The Mirage ou Nocheni, lanza agora un novo proxecto chamado Dramsanyú. Co obxectivo de recadar fondos para a ONG Acción por la Música, o baterista sumou a axuda doutros destacados músicos galegos para dar vida á canción «Mi ser, tu ser»: Thais Suki como vocalista, Daniel Lemos no baixo, Héctor Díaz-Valdés na guitarra eléctrica e Raúl Ben na guitarra acústica. O tema foi gravado e producido polo baterista no seu estudio e escola de batería, Dream and Drum, e masterizado por Norman Nietzsche en Calyx Mastering Studio.

«Mi ser, tu ser» é un tema composto e arranxado polo propio Suso Valcárcel. Non estará dispoñible para a súa escoita en ningunha plataforma dixital, e só poderán escoitar a canción e ver o seu videoclip aquelas per-

soas que fagan un donativo mínimo de 4€ para Acción por la Música, vía contacto co autor. Máis dunha semana antes da saída do tema xa tiña recadados máis de 650€, que servirán para financiar un dos proxectos apoiados por Acción por la Música e que desenvolve a súa acción no Barrio das Flores de Teis, en Vigo: a orquestra Son das Flores.

Esta iniciativa ofrece formación musical gratuita a nenos e nenas de familias que non poden acceder doutro xeito a actividades extraescolares, dando unha alternativa de ocio e aprendizaxe a decenas de cativos e cativas. Son das Flores acaba de acadar, gracias á colaboración de xente como Suso, todo o diñeiro que precisaban para financiar a sá actividade gratuita este curso, para o cal tamén puxeran en marcha unha campaña de micromecenazgo na plataforma Verkami.



Valcárcel coa impulsora, Sandra Fernández, e os nenos e nenas do proxecto Son das Flores



Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos. Encárgase de todo o pepeleo do noso negocio. Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas
Avda. Romero Donallo, 29
15706 Santiago



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com